



11

**tes unha
nova mensaxe**



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Obxectivos

Obxectivos desta unidade:

- ❖ Como referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas
- ❖ Como escribir cartas e mensaxes

Coñecemento do código

- ❖ Construción do estilo indirecto
- ❖ Fórmulas de correspondencia
- ❖ Cartas e correos electrónicos
- ❖ Maiúsculas e minúsculas



Actividade introdutoria



Ricardo e Paula son compañeiros de piso. Cando chega Ricardo á casa, Paula dálle unha mensaxe e algúns consellos. 
Escoita e responde:

Por que está Uxía enfadada?

Deixoulle algún recado Uxía a Paula?

Sabe Paula o prezo do curso de natación?

Quen pode informar a Ricardo sobre o prezo do curso?

Irá Paula ao curso de natación?

E ti? Perdiches algunha oportunidade por non escoitar unha mensaxe a tempo?



Gramática e léxico

Prácticas guiadas

ESTILO INDIRECTO

Úsase para referir ou contar frases pronunciadas por alguén.

Se se transmite unha **información**, úsase **QUE+indicativo**:

Paula: Non podo ir á piscina.

Paula di que non pode ir á piscina.

Se se transmite unha **orde, consello** ou **petición**, úsase **QUE+subjuntivo**:

Uxía: Vai axiña informarte sobre os cursos!

Uxía di que vaías axiña informarte sobre os cursos.

Se o verbo introdutor está en pretérito imperfecto ou indefinido, a oración de estilo indirecto leva o verbo en pretérito **imperfecto de subjuntivo**:

Pedro: Anda amodo.

Pedro díxolle que andase amodo.

Se se transmite unha **pregunta** úsase o **indicativo** (introducido por *se, que, onde, cando, por que, canto...*):

Raquel: Gústache ler?

Onde compraches eses libros?

Raquel preguntoume se me gustaba ler.

Preguntoume onde comprara estes libros.



1. Recados.

Os empregados da túa oficina saen tomar café, quedas ti, que es o/a secretario/a, para responder ao teléfono.

Escoita e transmítelles os recados que recibiches. 

Recado para *Carlos Taboada*

Chamou *a súa nai*

Dixo que *a chamase antes da tarde que é moi urxente*

Recado para _____

Chamou _____

Dixo que _____

Recado para _____

Chamou _____

Dixo que _____

Recado para _____

Chamou _____

Dixo que _____

Recado para _____

Chamou _____

Dixo que _____



2. Notas.

A Le estas mensaxes.

Cal cres que é a situación e o propósito de cada unha delas?

Rafa:
Non queda comida para o gato!

Deixei a miña parte do diñeiro para o alugamento no salón.

Vémonos o domingo.

Xoán

Importaríalle non aparcар o seu coche tan pegado ao meu?

Teño serios problemas para poder entrar no meu!

Grazas

Papá: Vou á cama e mamá di que che pregunte a ti. Podo durmir mañá na casa de Ana?

Xela

Xabier, sube ao despacho do director e lévalle os últimos informes.

É urxente.

Gloria

B Escolle dúas das mensaxes anteriores e cóntalle ao teu compañeiro o contido destas. El terá que facer o mesmo coas dúas restantes.



 Redacta notas cos seguintes datos:

1. Sara lémbrale ao seu marido Rafael que non se esqueza de sacar diñeiro do banco para pagar o alugamento, porque o caseiro pasa cobrar ás 8 da tarde.
2. O presidente da comunidade de veciños convócaos a unha reunión urgente porque houbo unha rotura nos radiadores das últimas plantas e cómpre revisar con urxencia todos os pisos. Terán que deixarlles as chaves aos porteiros.
3. Precisas con urxencia un libro que lle prestaches ao teu compañeiro de piso, ao que non podes ver durante toda a semana por horarios de traballo.

3. Cartas.

CARTA PERSOAL

I. Encabezamento:

Saúdo.

Lugar e data.

II. Contido ou corpo:

Mensaxe que se quere transmitir, asunto da carta.

III. Pé ou final:

Despedida.

Sinatura (sempre á man).

P.D. (posdata) ou nota para engadir algo tras a sinatura.



A Marca na seguinte carta persoal os puntos desta.

Bos Aires, 7 de decembro de 2007

Querida avoa:

Escriboche desde Bos Aires a onde cheguei hai unha semana.

A viaxe foi boa, aínda que un pouco longa. No aeroporto estabanme esperando Sara e Manuel. É unha cidade preciosa, tiñan razón os tíos cando falaban dela. Onte estiven ceando no Centro Gallego e a acollida foi fantástica.

Aquí estamos gozando dun verán caloroso pero lévase ben, non pases ti moito frío aí e cóidate moito.

Un biguñío moi moi grande da túa neta,

Carme

P.D. Se ves a Rosa dille que me escriba.

FÓRMULAS NA CORRESPONDENCIA

	ENCABEZAMENTO	DESPEDIDA
Estilo familiar, para amigos e coñecidos	<i>Querido Pepe:</i> <i>Querido/a amigo/a:</i> <i>Ola María!</i> <i>Benquerido/a amigo/a:</i>	<i>Bicos</i> <i>Unha forte aperta</i> <i>Recordos a...</i> <i>Sempre teu/túa</i>
Estilo cordial, para coñecidos ou descoñecidos	<i>Estimado colega:</i> <i>Apreciado/a amigo/a:</i> <i>Respectable señor/a:</i>	<i>Cos mellores desexos</i> <i>Un cordial saúdo</i> <i>Afectuosamente</i> <i>Saúdos a...</i>
Estilo distante, para descoñecidos	<i>Distinguido cliente:</i> <i>Moi señor meu:</i>	<i>Saúdao atentamente</i> <i>Sen outro particular</i> <i>Queda ao seu dispor</i>



B Le esta carta.

Querida Tareixa:

Desculpa que só che escriba unhas liñas apresuradas e non unha carta máis extensa, como seguramente agardarías. Hache estrañar que non che conte nada das miñas andainas durante as últimas semanas, pero corre máis présa o que che quero dicir. Ben sabes que es a única persoa do mundo na que podo confiar enteiramente; por iso recorro a ti agora, para facerche dúas peticións [...]

A primeira petición é que, por nada do mundo, abras o sobre que acompaña esta nota [...]

A miña segunda petición vaiche estrañar, pero ben sabes que non cha faría se non o considerase necesario. Se ves que, unha semana despois de recibires esta carta, eu aínda non me puxen en contacto telefónico contigo, escríbelle ao inspector Soutullo á Comisaría Central de Vigo. Cántalle que es a miña irmá e entrégalle o sobre que che mando [...] Pídoche que non abras o sobre, pero non che podo impedir que, se chegas a verte obrigada a entregarllo a Soutullo, ti tamén coñezas o seu contido. [...] Quizais daquela entendas por que, nestas horas finais, a angustia e o medo volven percorrer incesantemente todo o meu corpo.

Adeus, querida irmá. Recibe a aperta máis forte do mundo, e oxalá non sexa a derradeira que nos deamos.

Xabier

Texto adaptado de Agustín Fernández, *Cartas de inverno*, Edicións Xerais, 2007, pp. 13-16

Imaxina que es Tareixa. Pasou unha semana e Xabier non te chamou.

Escríbelle unha carta ao inspector Soutullo:

Coida a forma: presentación, motivo da carta, despedida.

Solicita información que precises: cita para atoparvos, recado do teu irmán...



CARTA COMERCIAL

I. Encabezamento:

1. Nome e enderezo do remitente

(na parte superior esquerda, ou impreso no papel, na cabeceira)

2. Nome e enderezo do destinatario

(na parte superior dereita)

3. Lugar e data

(se vai impreso na cabeceira non hai que repetilo)

4. Asunto ou referencia

5. Fórmula de cortesía

II. Contido ou corpo:

Exposición do asunto, xestións que se van realizar...

III. Pé ou final:

Despedida.

Sinatura (sempre á man e con selo da empresa).

P.D. (postdata) ou nota para engadir algo tras a sinatura.



IMPRENTA ESCRIBEMÁIS

Preguntoiro 223

15075 Santiago de Compostela

Tel.: 981 30035662

Nome e enderezo do
remitente.

PAPELERÍA TINTEIRO

Paseo Marítimo, 50

36600 Cambados

Pontevedra

Nome e enderezo do
destinatario.

Referencia: NLR/CA

Asunto ou referencia.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2007

Lugar e data.

Distinguidos clientes:

Fórmula de cortesía.

O motivo da nosa carta é lembrarllles que ata a data de hoxe non fixeron efectivo o pago da factura n.º 444, que tiña que efectuarse por transferencia bancaria. Estamos seguros de que este atraso se debe a un erro involuntario do seu Departamento de Contabilidade.

Contido ou corpo.

Esperamos que ingresen o importe o antes posible. Non dubiden en poñerse en contacto con nós para calquera cuestión. Se cando reciban esta carta xa efectuaron o pago, rogámoslles que non a teñan en consideración.

Quedamos á espera das súas noticias.

Atentamente,

Despedida.

Miguel Vilariño

Xerente

Sinatura e cargo.



 O teu fillo estivo trebellando no ordenador. Intenta recompoñer a carta comercial que ti escribiras antes.

MODAS Á ÚLTIMA

Praza de España, 10

27500 Lugo

Tel.: 982 1003322

Estimada señora Aguirre:

Rogamos especifiquen todo o que se refire aos prazos de entrega e formas de pago.

Sr. Francisca Aguirre

DESEÑO GRÁFICO, S.A.

Avda. da Burgas, 100

29005 Ourense

Asunto: petición de catálogo, prezos e condicións

Agradeceríalle que nos enviase, coa maior brevidade posible, un catálogo detallado coa lista de prezos dos seus servizos de deseño gráfico. Temos a intención de renovar o noso material de papelería, destinado á correspondencia cos nosos clientes e estamos estudando a posibilidade de encargarlles a realización dun novo logotipo.

Xefa de Marketing



Pilar Reboiro

Esperando as súas noticias, aproveitamos a ocasión para saudalos atentamente.

Lugo, 3 de decembro de 2007



4. Mensaxes de móbil.

A Le as seguintes normas para mensaxes de teléfono móbil:

Normas básicas de mensaxes de móbil

Non hai artigos

Non hai tiles

A sílaba es- de inicio de palabra é s-

A conxunción *que* é *q*

B Envíalle estas mensaxes codificadas ao teu compañeiro, el terá que descifralas e responderche.

Stou n1 reunión d trbllo. Nn vou cear. Bmons dspos n bar d abaix? Manuel

Akb d attrar. Bxote en 15 mn. Susana


Pdrias cmprar pan q sqcin e nn hai?

C Entendiches ti as súas respostas?






5. Correos electrónicos.



A Le as seguintes informacións sobre o documental *Fronteiras*.



O festival de cinema Cineuropa de Santiago de Compostela, que este ano celebra a súa XXI edición, incluírá *Fronteiras*, de Rubén Pardiñas, na súa programación. Do 6 de novembro ao 3 de decembro, poderás ver en Santiago case cen películas: os principais premios e filmes dos diferentes festivais internacionais celebrados ao longo desta tempada. A proxección de *Fronteiras* terá lugar o martes 27 de novembro ás 20:00 horas, no auditorio da Aula Sociocultural Caixa Galicia (rúa Carreira do Conde, 18) Prezo: 3 euros.

Texto adaptado de <http://fronteiras.blog.com/>



O documental, escrito e dirixido por Rubén Pardiñas, trata sobre as fronteiras sociolingüísticas de Galicia no Eo-Navia (Asturias), O Bierzo (León), As Portelas (Zamora) e Portugal. Aparecen declaracións de políticos, de escritores e filólogos.

O filme inclúe entrevistas aos habitantes de vilas e aldeas como Vilafranca do Bierzo (León), Ibias (Asturias) ou Castro Laboreiro (Portugal).

A cuestión central que *Fronteiras* presenta é que aínda que as fronteiras administrativas xa están fixadas e poucos as discuten, os límites culturais son difusos e están no centro do debate, tanto para os intelectuais como para a xente que vive entre dúas terras.

Texto adaptado de <http://cineuropa.com/postelacultura.org/>

- B** Escríbelle un correo electrónico ao teu compañeiro invitándoo a ver o documental contigo. Lembra as fórmulas na correspondencia que vimos antes.
- C** O teu compañeiro enviarache outro correo electrónico ou un sms coa resposta.



MAIÚSCULAS E MINÚSCULAS

Esríbese inicial **maiúscula** nos seguintes casos:

- a) Ao comezo do escrito, despois de punto e seguido, de punto e á parte e doutros signos (admiración, interrogación e puntos suspensivos) cando equivalen a punto.
- b) Nos nomes propios e alcumes: *Lucía, Monterroso, o Milfollas*.
O artigo inicial dos nomes das localidades esríbese con maiúscula: *A Coruña*.
Pero os das rexións non: *a Mancha*.
- c) Nas formas abreviadas de tratamento: *Dra., Dr., D.ª, Vde.*
- d) Na primeira palabra dos títulos de obras literarias e artísticas: *Follas novas*. Os títulos das publicacións periódicas: *A Nosa Terra, Galicia Hoxe*.
- e) En todos os substantivos e adxectivos dos nomes de institucións, organismos, empresas e outras entidades formalmente constituídas: *Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega*.
As siglas esríbense normalmente en caracteres maiúsculos: *ONU, DOG*.

OLLO! As maiúsculas tamén levan acento gráfico.

Esríbese con **minúscula**:

- a) Os nomes dos meses, as estacións do ano, os días da semana: *marzo, primavera, sábado*.
- b) Os xentilicios: *cidade coruñesa*.
- c) As medidas, completas ou abreviadas: *5 metros, 5 m*.
- d) Os tratamentos cando non van escritos con abreviaturas: *señor, don, ilustrísimo señor*.



Entrou un virus no ordenador e confundíronse maiúsculas e minúsculas. Intenta solucionar o problema.

persoal da consellería de cultura fomentará a protección do camiño de santiago



“o camiño de santiago é un dos principais bens do patrimonio cultural galego. para garantir a súa conservación e protección, A consellería de cultura e Deporte organizará charlas para mellorar o coñecemento das súas Normas de protección naqueles concellos polos que pasa o camiño de santiago francés.

o director xeral de patrimonio cultural, felipe arias, Presentou hoxe na casa de cultura de sarria o programa destas xornadas xunto coa subdirectora de protección da cidade e camiños de santiago, teresa nieta; E o alcalde da vila e presidente da mancomunidade de municipios galegos do camiño francés, claudio garrido [...].

as charlas van ser impartidas por arquitectas da dirección xeral de patrimonio cultural nos concellos de sarria, samos, monte-roso, paradela, portomarín, melide, palas De rei, pedrafita, arzúa, triacastela e o pino.”

Texto adaptado de <http://www.galicia-hoxe.com> - 28/11/2007



Carta formal

1. Imaxina que es un guía turístico e que tes que levar un grupo de turistas visitar o Museo do Pobo Galego.

Antes de ir, escribelle unha carta ou correo electrónico ao museo para organizar a visita dun grupo de 15 persoas

a) Solicita información sobre:

Horarios

Prezo para grupos e posibles descontos

Aparcadoiro cerca do museo

Exposicións

Uso de cámaras de foto e vídeo

b) Organiza a carta

Presentación

Explica cal é o motivo da carta

Solicita a información que necesitas (horarios, prezo...)

Despedida





Contido sociocultural

A correspondencia na literatura

Na literatura aparecen reflectidas as formas de correspondencia, pasamos das cartas manuscritas ao uso das novas tecnoloxías. Lede este texto, fixédevos cando foi escrito.

Leliño, amigo:

Aínda que xa hai tres anos que te fuches, penso que debes lembrarte de min. Ou non? Cavila un chisco; remexe na chola. Son Toño de Loureiro, o *Peilao*. Xa caíches? (Ese alcume de *Peilao*, séntame coma un baloco, pero dígocho para que te decates axiña de quen son).

Pois é. O Balbino xa sabes que anda a servir dende que lle arreou un croiazo ao Manolito. É un rapaz caviloso e de poucas falas. Hai algúns días veu á casa. Eu atopeino na beira do río e estivemos un anaco dándolle ao peteiro. Fáloume de ti. Dixome que vos escribides e amosoume dúas cartas túas, por certo moi paveras niso que dis do entroido toleirón do Brasil.

Dende que me atopei co Balbino ándame a proer unha idea no miolo. A idea de que ti e mais eu nos escribamos tamén. Balbino deume o teu enderezo e aquí estou coa primeira carta.

Anda, non recúes. Escribeme. Eu fareino seguido, contándoches un feito de cousas de por aquí.

Apertas,

Toño.

Texto adaptado de Xosé Neira Vilas, Cartas a Lelo, Ed. Castro, 1978 (3ª ed.), p. 9-10 (1ª ed. 1971)



Que prefires ti á hora de escribirlle a alguén? Pregúntalle ao teu compañeiro e comentádeo co resto da clase.

En que ocasións escribes unha carta á man?

Cando mandas un correo electrónico? E un sms?

Deixas mensaxes á man?

Chateas?



Lingua de amor

1. En internet atopaches unha declaración e información sobre o concurso Lingua de amor, pero houbo un erro informático e só tes a metade da información.

A Le a información que aparece na páxina web e fíxate nas bases do concurso.

ALUMNO A

Lingua de amor

Presentación

Concurso de mensaxes na rede: Declaracións de amor en galego. O amor na túa lingua.

Con motivo do Día das Letras Galegas e o Día Internacional da Internet, presentámosvos este concurso que interrelaciona as novas tecnoloxías e a lingua galega.

Pretendemos vincular as mozas e mozos de Galicia co seu idioma e incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para as actividades de lecer e momentos de diversión, o galego ábreche as portas á hora de coñecer xente, facer amigos e, por que non?, tamén para formar parellas!

Un dos obxectivos do concurso é conquistar novos ámbitos de uso para o galego: internet, o correo electrónico ou os chats son espazos de comunicación nos que os mozos e mozas empregan o castelán como lingua habitual. Pretendemos con este concurso dinamizar o uso da lingua galega entre os máis novos.

Outro obxectivo é relacionar o galego coas formas de diversión xuvenil e potenciar os seus valores como unha lingua próxima, útil e moderna. A normalización da lingua galega en moitas ocasións céntrase en contextos institucionais que non chegan á mocidade dun xeito atractivo.

Bases

1. O concurso Lingua de amor consiste na elaboración dunha mensaxe que conteña unha declaración de amor en lingua galega.
2. Este concurso organízao o Consello da Xuventude de Galicia, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística.
3. Poderán participar todos os mozos e mozas de entre 14 e 34 anos.
4. Todas as declaracións de amor que se envíen deberán estar escritas en lingua galega.
5. A temática das mensaxes será amorosa e poderán estar escritas en prosa ou en verso.



ALUMNO B

The screenshot shows a web browser window with the address bar displaying <http://www.linguadeamor.com>. The page content lists 17 rules for a contest. The rules are as follows:

6. Terase en conta o grao de elaboración e a orixinalidade. Todas as declaracións deberán ser inéditas.
7. A extensión máxima da mensaxe é de 500 caracteres, incluídos os espazos en branco. As mensaxes que excedan esta extensión quedarán fóra do concurso.
8. As declaracións de amor que participen neste concurso deberán redactarse, xunto cos datos persoais dos concursantes, no formulario que aparece na seguinte páxina.
9. Establecerase un máximo de dúas mensaxes por concursante.
10. A data límite para o envío das declaracións é o 14 de maio de 2008. As mensaxes que se reciban despois deste día non entrarán no concurso.
11. O xurado do concurso estará composto polo presidente do CXG, a secretaria do Consello da Cultura Galega, dous representantes de empresas colaboradoras e o técnico do Servizo de Normalización Lingüística.
12. Os resultados faranse públicos o 19 de maio de 2008 na web do Consello www.cyg.org. Contactarase cos gañadores a través do teléfono.
13. Haberá unha entrega de premios o sábado 24 de maio de 2008 ás 18:00 na sede do Consello da Cultura Galega.
14. Os premios serán os seguintes:
 - 1.º Videocámara Mini DV Simisung VPD333 + lote de libros en galego
 - 2.º Cámara Sonio PSDCN999 + lote de libros en galego
 - 3.º MP4 Green:Sens 1888 + lote de libros en galego
15. Todos os/as participantes recibirán un agasallo por cortesía da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
16. A organización do concurso poderá desbotar aquelas mensaxes de carácter discriminatorio ou ofensivo.
17. A organización resérvase o dereito de modificar e interpretar as normas deste concurso, sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística do Consello da Xuventude de Galicia.
Colaboran: Consello da Cultura Galega, Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística, TekhnoWeb Electrodomésticos, Librería Lemosmáis.

Texto adaptado de <http://www.cyg.org/linguadeamor>

B Intenta co teu compañeiro obter toda a información necesaria sobre o concurso. Facédevos as preguntas necesarias.

En que consiste o concurso?

Quen pode participar?

Cantas mensaxes podo enviar?

Que premios hai?

Quen organiza o concurso?

Como deben ser as mensaxes?

Cando é a data límite?



2. Entre os dous intentade crear unha mensaxe para participar no concurso. Aquí tedes a gañadora do ano pasado.

Por seres ti

Polos zumes de laranxa e pomelo que me fas cada mañá. Por deixarme que poña a Morrissey 26 horas ao día. Por non te rires da miña manía de poñer sempre o mesmo calcetín no mesmo pé. Por aturar as miñas arroutadas cun sorriso. Polos bicos que curan a resaca. Por seres o que máis me gusta de min. Porque non cho dixen no seu momento. Quérote.

Rebeca Silva, Gañadora do 1.º premio, 2007

The screenshot shows a web browser window with the address bar displaying <http://www.linguadeamor.com>. The page title is "Lingua de amor". The form contains the following fields:

- Nome:
- Apelidos:
- Idade:
- DNI:
- Enderezo:
- CP:
- Concello:
- Correo electrónico:
- Móbil:
- Declaración de amor:

At the bottom right of the form, there are two buttons: "Enviar" and "Borrar". The browser's status bar at the bottom shows "Listo" and "Internet".



Repaso

1. En parellas. Aquí tedes algunhas mensaxes de móbil.

Alumno A. Escolle dúas mensaxes para enviarlle ao teu compañeiro, el terá que reescribilas e responderche.

Alumno B. Escolle outras dúas mensaxes para enviarlle ao teu compañeiro, a el correspóndelle descifralas e responderche.

Qdams sta tarde pro cine?

Onde te mets? Contsta. Bks

Xq nn qdams maña ?

Spero k chegars ben. Xq nn chams? Coidte.

2. Co teu compañeiro, inventade novas mensaxes, enviádeas e respondédeas.

3. Onte falaches con estas persoas. Cántalle ao teu compañeiro que che dixeron.

OLALLA: *"Tes algo que facer mañá domingo? Pepe e mais eu ímos facer unha festa para celebrar que cambiamos de casa, non faltes!"*

Sra. ROSA: *"Como lle vai a Marta? Segue saíndo con Gabriel?"*

CARME: *"Apunteime a un curso de Pilates e estou encantada."*

GONZALO: *"Devólveme o libro de matemáticas, necesítooo para rematar o traballo esta fin de semana."*

Onte vin a Olalla, díxome que fose o domingo á súa nova casa, que fan unha festa.



Es un adicto a internet?

1. É o teu compañeiro un adicto a internet?

Faillle preguntas e toma nota das súas respostas.

1. Desde cando usas internet?

Uso internet desde que...

2. Cantas horas ao día estás conectado a internet?

3. Conéctaste pola mañá, pola tarde ou pola noite?

4. Desde cando usas o correo electrónico?

5. Compras por internet? Desde cando?

6. Canto tempo hai que chateas?

7. Con que frecuencia les o periódico en internet?





2. Tendo en conta as respostas do teu compañeiro, cal destes provedores de internet lle recomendas? Por que?

Galillú

A tarifa plana básica inclúe a conexión gratuíta polas noites e durante as fins de semana a un prezo de 20 euros ao mes.

3RRR

Ofrece un paquete sen restricións horarias por 30 euros ao mes, e 50 euros ao mes por alta do servizo e instalación. Inclúe caixas de correo e 20 megas para páxinas persoais.

Liña1000

Ofrece unha tarifa plana con conexión gratuíta polas noites. Póde-se acceder desde calquera teléfono. Prezo ao mes 15 euros.

Eu recoméndoche que contrates...

3. Cántalle ao resto da clase a relación do teu compañeiro con internet e que provedor lle recomendaches.

O meu compañeiro díxome que usaba internet desde primeiro de bacharelato.

Eu recomendeille que contratase...



Que sei fazer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas			
Escribir cartas, notas e mensaxes			
Escribir mensaxes de correo electrónico e de móbil			
Usar maiúsculas e minúsculas			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



Transcripción do audio

1. Actividade introdutoria. Ricardo chega á casa e Paula dálle unha mensaxe e algúns consellos.

RICARDO: Ola, Paula.

PAULA: Que hai, Ricardo. Oes, hai media hora que te chamou Uxía...

RICARDO: Perdoa, que dixeches?

PAULA: Que hai media hora que te chamou Uxía, estaba bastante enfadada. Di que non sabe para que queres o móbil se nunca o tes aceso.

RICARDO: Ten razón, pero esta vez non o tiña apagado, é que se me acabara a batería.

PAULA: Si, pero creo que non é a primeira vez que che pasa, non?

RICARDO: Veña, non empeces ti tamén. Que? Deixouche algún recado para min?

PAULA: Si, díxome que aínda quedaban algunhas prazas libres para o curso de natación e que, se queres matricularte, que pases esta tarde sen falta pola piscina.

RICARDO: Moi ben, graciñas. E díxoche canto custaba o curso?

PAULA: Si, dixó, pero había distintos prezos segundo os horarios e os niveis e non me lembro moi ben.

RICARDO: Vale, graciñas, intentarei falar con ela canto antes.

PAULA: Ah! Díxome tamén que se non conseguías localizala que chamases a Fernando que tamén se vai apuntar e que te podería informar ben de todo.

RICARDO: De acordo, chamareino agora. E a ti, non che apetece nadar un pouco?

PAULA: Ganas non me faltan, pero neste momento non podo, teño que rematar un traballo antes de fin de ano e non me sobra un minuto.

RICARDO: Pois un pouco de deporte faríache o traballo menos pesado.

PAULA: Si, tamén Uxía intentou convencerme para que me apuntase, pero...



2. Gramática e léxico. Recados.

Diálogo 1

MULLER: Ola, bos días. Pódeme poñer con Carlos Taboada, por favor?

SECRETARIO/A: Non está. Saíu un momento. Quere deixarlle algún recado?

MULLER: Si. Mire, son a súa mai. Dígalle que me chame antes da tarde, que é moi urxente.

SECRETARIO/A: Moi ben, de acordo. Adeus.

MULLER: Adeus, moitas grazas.

Diálogo 2

HOME: Bos días. Podería falar coa señora Patao, por favor?

SECRETARIO/A: Si, de parte de quen, por favor?

HOME: Son Xabier Suárez, da Axencia GALIPES.

SECRETARIO/A: Pois mire, hai un momentíño que saíu. Quere deixarlle algún recado?

HOME: Non, non importa. Dígalle só que chamei e que o intentarei máis tarde.

SECRETARIO/A: Moi ben, xa llo digo en canto chegue.

HOME: Moitas grazas e bos días.

Diálogo 3

MOZO: Ola. Quería falar con Froilán Santos, por favor.

SECRETARIO/A: Pois xusto acaba de saír. Volverá dentro dun momento.

MOZO: E podo deixarlle un recado?

SECRETARIO/A: Por suposto! Dime.

MOZO: Que chamou Andrés para dicirlle que vaia el buscar a moto, que eu non podo.

SECRETARIO/A: Moi ben. Algo máis?

MOZO: Non, é todo. Graciñas.

Diálogo 4

MULLER: Ola, bos días. Podería falar co señor Codesido?

SECRETARIO/A: Neste momento non está. De parte de quen?

MULLER: De Pilar Santomé, da Imprenta. E tardará moito en volver?

SECRETARIO/A: Non, non creo que tarde máis de dez minutos. Quere que lle diga algo?

MULLER: Pois si, por favor, dígalle que o chamei e que me chame canto antes á oficina.



SECRETARIO/A: Moi ben. Déixeme o seu número de teléfono, por favor?

MULLER: Debería telo, pero doullo por se acaso. Tome nota: 981 4443300.

Diálogo 5

HOME: Ola, son Antón.

SECRETARIO/A: Ola, que tal?

HOME: Ben, ben, e ti?

SECRETARIO/A: Non me queixo. Dime.

HOME: Dislle á miña muller que se poña, por favor?

SECRETARIO/A: É que acaba de saír tomar un café cos outros.

HOME: Ah, vale. Entón dille que non se esqueza de pasar esta tarde pola gardería, que eu non podo.

SECRETARIO/A: Moi ben. Direillo, non te preocupes.